



MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR SOBRE A HUMANIZACIÓN DA RÚA CESÁREO VÁZQUEZ, EN SAN MIGUEL DE OIA, E O INCUMPRIMENTO DO GOBERNO LOCAL AO RESPECTO

O portavoz do Grupo Municipal do Partido Popular de Vigo, conforme ao disposto no Regulamento Orgánico do Pleno do Concello de Vigo e da restante normativa aplicable, formula para o seu debate e aprobación na vindeira sesión a seguinte

MOCIÓN

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 6 de xullo a veciñanza de San Miguel de Oia saíu á rúa en manifestación para protestar polo mal estado no que se atopa o vieiro principal desta parroquia, a estrada de Cesáreo Vázquez, con constantes roturas de tubaxes de saneamento, abastecemento e pluviais. Mais tamén pola aparición constante de fochancas no pavimento.

Os veciños reclaman así o cumprimento da promesa realizada polo alcalde no ano 2010, cando Abel Caballero anunciou, nunha visita á zona, un proxecto de humanización integral da estrada, de máis dun kilómetro e medio de lonxitude, que o ía converter nunha grande avenida para artellar a parroquia, con amplas beirarrúas e o cambio de todo o sistema de acometidas.

Un investimento estimado en 1,8 millóns de euros que catorce anos despois segue a estar incompleto. O único que fixo o goberno local foi actuar nalgúns poucos tramos do treito de arriba, pero de xeito espallado e non dando continuidade ao proxecto. Así as cousas, hoxe en día hai zonas de moito perigo para os viandantes como son as proximidades ao colexio ou no cruceiro.

No tramo de abaixo, ata a rotonda de Canido, non se fixo nada a pesares de ser un tramo tamén moi perigoso e de moito tránsito.